



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CESANTES
26 DE OUTUBRO DE 2016

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior
2. Restauración da Fonte de Neira e camiño
3. Estado dos orzamentos participativos ano 2016
4. Análises das fontes da parroquia
5. Rogos e preguntas

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e oito minutos, do día vinte e seis de outubro de dous mil dezaseis, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Francisco Muñoz Barros, representante do PP
- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- Fernando González Fontán representante das asociacións veciñais e a súa suplente M^a. Magdalena Ramonet Otero
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das entidades deportivas
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar
- Nuria Cristina Rodríguez Fernández, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Jorge Rodríguez Crespo solicita a corrección do seguinte:

- Arsenio Martínez Ricón asiste como representante das entidades deportivas, non das asociacións culturais.
- Na páxina 4 terceiro parágrafo indicouse Juan Carlos Bouzón Loureiro cando é Juan Carlos Araújo Alonso.

Fernando González Fontán solicita a corrección do 1º apellido de M^a Magdalena, é Ramonet non Ramoné.

Feitas as referidas correccións apróbase a acta por unanimidade de todos os membros presentes.

2. Restauración da Fonte de Neira e camiño



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente explica en que consisten as actuacións que se van a levar a cabo: arranxar a fonte, retirar o lavadoiro, poñer un máis pequeno e arranxar o camiño. Dependerá da concesión de subvención solicitada.

Fernando González Fontán lee parte do anuncio publicado no BOP e pregunta por qué non se lles informou aos veciños aínda que saíu publicado no boletín porque pode haber veciños afectados que non se enteraron.

O Presidente lle contesta que non se pode convocar o Consello por cada actuación que se faga na parroquia e co anuncio publicado no boletín xa se lle dá publicidade. Ademais aclara que o terreo ata o asfalto é do Concello.

Francisco J. Táboas Carrera opina que, a máis, pode estar exposto na páxina web do Concello.

Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta se se vai a permitir a circulación rodada nese tramo.

O Presidente contesta que a circulación é para peóns, non para vehículos.

3. Estado dos orzamentos participativos ano 2016

O Presidente informa que as obras da beirarrúa do colexió e a tala da árbore ascenden a uns 9.000 euros segundo valoración do arquitecto municipal. Se están pedindo os presupostos, haber se baixan desa cantidade. Explica que en quince días comenzarán as obras e indica en que tramo son.

En canto á iluminación do campo de fútbol, informa que un electricista valorou a actuación nuns 5.000 euros, explica que se colocarán dous postes nas esquinas da pista con 4 focos led hacia a pista, 2 hacia o aparcamento e 2 ou 3 nos postes do tendido eléctrico, cun reloxo que regule o tempo de encendido.

Fernando González Fontán pide que 1 foco ilumine o parque infantil toda a noite para evitar actos vandálicos.

O Presidente lles indica que en principio con esas dúas actuacións cubrirían xa o presupuesto, se sobra algo sería para a mellora da iluminación no camiño dende o camping á praia.

Fernando González Fontán pregunta se se podería incluír outra proposta nestes orzamentos.

Jorge Rodríguez Crespo lle contesta que os orzamentos 2016 se aprobaron entre todos invertilos niso.

Ademais, comunica que deixa de ser portavoz do consello pero continuará indo ás reunións para a modificación do regulamento do consello.



CONCELLO DE REDONDELA

4. Análises das fontes da parroquia

O Presidente informa que as últimas análises son de xuño de 2016 e cita a relación das fontes analizadas, sendo todas aptas agás a do Lavadoiro do Rial.

Fernando González Fontán pregunta que pasa co resto das fontes que non se analizaron.

O Presidente lle explica que non se analizan á vez todas as fontes da mesma parroquia.

Arsenio Martínez Ricón explica en relación á fonte do Picho que é unha fonte pública conectada á auga da traída.

O Presidente, antes do turno de rogos e preguntas, informa do seguinte:

- No camiño da Encrucillada están colocando o alumbrado e se vai a colocar no camiño do Arxón.
- Vaise facer un proxecto para asfaltar Outeiro das Penas, no que se inclúe o muro onde a fonte da Coviña. En relación con isto, a concelleira de vías e obras, M^a José Barciela Barros, vaise reunir mañán ás 18:30 horas co enxeñeiro na fonte da Coviña, para mirar a zona e falar cos veciños, se alguén está interesado pode asistir.
- A concelleira de vías e obras tamén lle informa de que hai un proxecto para a zona da Pantalla, dende a de Torres ata a vía, para asfaltar e construír beirarrúas.

5. Rogos e preguntas

Arsenio Martínez Ricón solicita que se revisen as beirarrúas da estrada de Catapeixe e se limpe unha parcela chea de silvas que invaden a beirarrúa e dificulta o paso para os peóns.

O Presidente indica que a estrada é da Deputación e se lle comunicará para que revisen todo o tramo.

Leonardo Cabaleiro Couñago comenta dous asuntos:

- O proxecto Redondela 2020, recalca a súa importancia, pide colaboración, transparencia e que se publicite máis.
- O mal estado da casa do conserxe do coleixio

En relación coa casa do conserxe, Nuria Cristina Rodríguez Fernández, indica que se atopa en malas condicións que ten moita humidade e o tellado hai que arranxalo.

O Presidente contesta, en relación a Redondela 2020, que se vai a transmitir a todos os veciños, colectivos, etc.

En canto a casa do conserxe, di que a primeira nota que tiveron dos problemas que ten foi a través dun escrito do Valedor do Pobo, que nunca se habían queixado antes. Explica as condicións nas que se lle autorizou a ocupar a casa por esa familia. Agora a parte da reparación que precisa tamén é un tema de feismo.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando González Fontán pregunta que se está facendo para solucionalo.

O Presidente lle contesta que xa se falou coa familia e se é preciso cambiar o tellado se cambiará.

Fernando González Fontán lle indica que estarán pendentes do tempo que tardan en solucionalo e que van facer pública esta situación.

Nuria Cristina Rodríguez Fernández recorda que na acta do 04.03.2015 se acordou o asfaltado dos baches diante do colexio, pregunta cando se vai a facer, tamén se solicitou no consello escolar e no consello escolar municipal.

O Presidente lle contesta que o volverá a transmitir, igual entendeu que só se referían á parte de abaixo.

Fernando González Fontán pregunta, en relación coa estrada de Catapeixe, se o Concello está facendo algo para que cedan os veciños que non o fixeron no seu día.

O Presidente lle contesta que non sabe se houbo algunha petición.

Ademais, informa de acordo coa pregunta formulada no anterior consello, que na subida ao lado do centro cultural non hai ningún terreo municipal.

Fernando González Fontán pregunta como funciona o tema de contestar as preguntas formuladas, se lle pode responder por correo electrónico ou outro medio.

O Presidente lle contesta que pode responder as preguntas no seguinte consello, que pode contestarlle por correo electrónico pero quere contestar no consello parroquial.

Fernando González Fontán pregunta cando lle vai contestar por qué o muro da praia non se adaptou ao proxecto. Os demais membros tamén pensan que hai defectos de obra.

O Presidente lles indica que detrás da obra hai uns técnicos que certifican que se adaptou ao proxecto.

Volve a reiterar que no consello se trata de traer propostas para a parroquia. Non ten a mesma importancia que algo o acorden todos os colectivos a través do consello que só unha asociación.

Arsenio Martínez Ricón volve comentar o tema da entrada hacia o campo do Choco, a estrada é estreita, os aparcamentos en batería ocupan moito e dificultan a circulación, ademais de que a beirarrúa non continúa. É unha zona perigosa e solicita unha solución.

Francisco J. Táboas Carrera pregunta como vai o proxecto do novo regulamento.

O Presidente contesta que non sabe en que punto está.

Leonardo Cabaleiro Couñago lle contesta que neste momento en stand by.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando González Fontán comenta que se acordan propostas e logo non se fan. Na zona da Pantalla non se puxo a luz, a marquesiña que se retirou non se volveu colocar. Se acordou que se informara ao consello das obras de gran relevancia e non se fai.

Así mesmo, pregunta que xestión fixo o Concello co muro da nacional 550 e por que no se convocou o consello para informar desa obra e por que non se fixo unha beirarrúa. Ademais, solicita que para o próximo consello se traia a xestión do muro como punto da orde do día.

O Presidente lle informa que o muro se traxitou como un tema de emerxencia, que é competencia de Fomento e eles decidiron facelo así. Se alí existira con anterioridade unha beirarrúa Fomento a faría, pero como non era o caso, non a fixo.

Nuria Cristina Rodríguez Fernández comenta que as obras de arranxo do tellado do colexió deberían terse feito antes de que comezara o curso escolar.

O Presidente lle indica que a intención era facelas antes pero as fixeron cando puideron e con todas as medidas de seguridade necesarias.

Fernando González Fontán reitera que se poñan as actas do consello parroquial na páxina web do Concello.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se extende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.